

ADDENDA AO CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DA POLICÍA LOCAL ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE LUGO

A Estrada, na data da sinatura electrónica

#### REUNIDOS

DUNHA PARTE, D. Diego Calvo Pouso, Vicepresidente segundo e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e Presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública, actuando en nome e representación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude das competencias que ten atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes, no artigo 8 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública e no artigo 2.2. do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de Policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.

DOUTRA, Lara Méndez López, titular da Alcaldía-Presidencia do Concello de Lugo, actuando en nome e representación deste en virtude das competencias que ten atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Recoñecéndose ambas as dúas partes con capacidade e representación legal suficiente para o outorgamento desta addenda,

#### EXPOÑEN

1. Con data 20/03/2019 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza (actual Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e o Concello de Lugo asinaron un convenio de colaboración para a asunción pola Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia da convocatoria e

desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos da policía local.

2.A cláusula oitava do dito convenio prevía que o mesmo tivera unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse, de forma expresa para outro período de igual duración (4 anos) de común acordo polas partes.

3. Con data 08/02/2023 o Concello de Lugo interesa á Academia Galega de Seguridade Pública a prórroga do dito convenio para seguir contando coa asunción por parte da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos da policía local.

4.Co fin de estudar a proposta do Concello de Lugo con data 10/02/2023 reúnese a comisión de seguimento do convenio prevista na súa cláusula sétima, integrada por dous representantes do Concello de Lugo e dous representantes da Academia Galega de Seguridade Pública e propuxo a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 20/03/2019 entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza (actual Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e o Concello de Lugo para a asunción por parte da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos da policía local.

As partes reunidas

#### ACORDAN

PRIMEIRO. Vixencia do convenio

Modifícase o prazo establecido na cláusula oitava do convenio, previo acordo escrito das partes, ata completar un período adicional de catro anos máis desde a data de sinatura desta addenda.

SEGUNDO. Publicidade.

1. En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia segunda e Consellería de

Presidencia, Xustiza e Deportes remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da devandita subscripción cos seguintes datos básicos:

- a) Identificación das partes que interveñen.
- b) Importe do financiamento.
- c) Data da sinatura.
- d) Finalidade.
- e) Período de vixencia.

2. A sinatura desta addenda implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e publicidade referida no número anterior. As partes asinantes da addenda manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

En proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente documento na data da sinatura electrónica.

Vicepresidente segundo e Conselleiro  
de Presidencia, Xustiza e Deportes e  
Presidente do Consello Reitor da  
Academia Galega de Seguridade  
Pública

A Alcaldesa do Concello de Lugo

Diego Calvo Pouso

Lara Méndez López

